

D^a. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 12 de novembro de 2015, adoptou o seguinte acordo:

3.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DA FASE II DA GRADA DE TRIBUNA E CUBERTA DO ESTADIO DE BALAIÓDOS. EXPTE. 3392/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta de data 11.11.15, asinada polo secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación celebrada o 11 de novembro de 2015 acordou:

3.- Proposta de Clasificación.

a) *Procedemento aberto para a contratación das obras da Fase II da grada de Tribuna e cuberta do Estadio de Balaídos. (expediente 3392-440).*

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Dar conta a Xunta de Goberno da exclusións acordadas pola Mesa de contratación celebrada o 14 de outubro de 2015 dos licitadores UTE FERROVIAL-CASTRO e a CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A. por incluír no sobre B datos relativos a criterios avaliábeis mediante fórmula.odos licitadores seguintes:

Segundo: Considerar ofertas con valores anormais ou desproporcionados, e polo tanto excluír do procedemento as presentadas polos seguintes licitadores.:

*UTE C D INDEPO SLU-AVAN INTEGRAL S L- HIDROMIÑO S L
CIVIS GLOBAL SLU*

UTE MANTEN S L-ALDESA CONSTRUCCIONES S A

UTE CNES OREGA SL-XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS S L

COPCISA S A

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación das obras da Fase II da grada de Tribuna e cuberta do Estadio de Balaídos. (expediente 3392-440).” no seguinte orde decrecente:

	<i>Empresas licitadoras</i>	<i>Puntos totais</i>
1	S A DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	91,72
2	UTE DRAGADOS S A-ORECO S A	87,75
3	UTE ACCIONA INFRAESTRUCTURAS S A – CONSTRUCCIONES RAMIREZ SLU	85,87
4	UTE IZMAR SLU-OGMIOS PROYECTO S L-UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU	84,20
5	OBRASCON HUARTE LAIN, S A	80,62
6	VIAS Y CONSTRUCCIONES, S A	74,69

Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, S.A., de Obras y Servicios COPASA., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 688,16 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba precedente proposta.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a doce de novembro do ano dous mil quince.

CCA/me

V. e Pr.
O ALCALDE,

Abel Caballero Alvarez.